

TORNEO INTERNACIONAL XADREZ CAMPUS DE OURENSE


DO 4 AO 10 DE XULLO

deportes.uvigo.es

Organizan



Colaboran



INSCRICIÓN:

deportes.uvigo.es

deporxest.uvigo.es

INFORMACIÓN:

xadrezcampusou@gmail.com

PREZOS:

30€ os xogadores absolutos (ata o 1 **xullo**)

20€ os xogadores xuvenís e veteranos (ata o 1 **de xullo**)


-Exentos os xogadores con **ELO con máis de 2100**(terase en conta a lista elo **FIDE de xuño**) e os xogadores do **Clube Universidade de Vigo**.

-Os **10 xogadores** con máis ELO FIDE disfrutarán de aloxamento e residencia gratuítos.

-A organización confirmará os participantes incluídos nesta clasificación o **6 de xuño**.


-O pago da cota farase efectivo antes de finalizar a primeira ronda.

-* Para aqueles **Mestres** que se anoten despois do **6 de xuño**, a organización reservarase o dereito de ofrecerlles estas condicións.




BASES

1. O Torneo disputarase polo sistema suízo a 9 rondas, entre os días 4 a 10 de Xullo de 2016.
2. As partidas disputaranse no pavillón de deportes universitario do Campus de Ourense.
3. Emplearase o sistema VEGA para os emparellamentos.
4. Días de descanso (BYE). Os BYES son días libres que pode solicitar o xogador sempre por escrito ou por e-mail. Cada xogador pode solicitar un máximo de 3 BYES, sempre anteriores á sétima ronda. Os BYES correspondentes á primeira ronda deberán formalizarse vía e-mail antes de que finalice o prazo de inscrición. Os BYES correspondentes ás seguintes cinco rondas (2ª a 6ª) deberán formalizarse antes de que finalice a primeira ronda. Na ronda solicitada non se emparellará ao xogador solicitante do BYE e outorgaráselle medio punto.
5. O horario das sesións de xogo será o seguinte: todos os días de 17:00 en diante, menos a segunda ronda (día 5), quinta (día 7) e novena (última, día 10) que comezaran ás 10:00 horas.
6. A cadencia de xogo será de 90 minutos por xogador, aos que se engadirán 30 segundos por cada xogada realizada. Os xogadores teñen que anotar obrigatoriamente todas as xogadas ata a finalización da súa partida.
7. Según a regulamentación da FIDE, recórdase a todos os xogadores que desconecten os teléfonos móbiles, pois o uso dos mesmos significará a perda da partida en xogo do infractor. Tamén está prohibido calquera outro medio electrónico de comunicación.
8. Recórdase que os xogadores deberán comportarse de forma que no deshonren o xogo do xadrez, en caso contrario daráselle a partida por perdida.
9. Perderá a partida o xogador que se presente á Sala de Xogo con máis de 30 minutos de retraso á hora programada de inicio da ronda, menos na primeira, na que se permitirá unha hora de retraso. Nos dous casos, quedará a criterio do Árbitro flexibilizar o tempo de tolerancia
10. A incomparecencia no xustificada dun xogador causará a súa automática eliminación do Torneo.
11. As decisións do árbitro son inapelables.
12. Os xogadores que non abonasen a súa inscrición antes de finalizada a primeira ronda, non serán emparellados na seguinte.




13. Non se permitirán análise na sala de xogo, podéndose realizar nun local acondicionado para tal fin unha vez finalizada a sesión de xogo.
 14. Recoméndase aos participantes a notificación a algún árbitro cando, por razón xustificada, abandonen a sala de xogo no transcurso das súas partidas. Queda prohibido aos xogadores o acceso á sala de análise mentres as súas partidas estean en xogo.
 15. Os emparellamentos da primeira ronda faranse públicos no acto de apertura do Torneo. Nas rondas seguintes darase a coñecer con suficiente antelación.
 16. O torneo será válido para Normas Internacionais de Xadrez , ELO FIDE y ELO FEDA.
 17. Regra de Sofía: estará prohibido concertar táboas co oponente antes da xogada 30, sen o consentimento do Árbitro principal ou en quen éste delegue (en ningún caso o xogador do torneo).
 18. Os **sistemas de desempate** serán:
Primeiro: Maior número de partidas disputadas. Có obxectivo de primar a participación. **Segundo: Resultado do encontro directo.** Este sistema aplicarase só se todos os xogadores empatados a puntos xogaron xa entre si.
- Os seguintes sistemas de desempate sortearanse unha vez finalizada a novena e última partida entre as seguintes posibilidades:
- Sistema ARPO** (Media das performances recursivas dos rivais, excluindo ao mellor e ao peor).
 - Bucholz mediano** (quitando a mellor e peor puntuación)
 - Variante Brasileira do Bucholz** (quitando a peor puntuación).
- Notas:** *O tratamento das partidas non disputadas para o cálculo del Bucholz a efectos de desempate, as partidas non disputadas serán consideradas como se houbera xogado contra un oponente virtual. Para máis información sobre a performance recursiva pódese visitar o link <http://eio.usc.es/pub/julio/Desempate/Discusion.htm>*
19. Os premios serán indivisibles.
 20. Os premios non son acumulativos, se algún xogador optase a dous premios entregaríaselle o de maior cuantía e de ser iguais o de categoría superior (o orden é o seguinte: 1º Xeral, 2º por tramos ELO y 3º no seguinte orden: mellor Ourensano, mellor veterano). Nos premios por tramos terase en conta o FIDE. Os premios están suxeitos á lexislación vixente.
 21. Ós premios superiores a **300€** deduciráselle os impostos legais establecidos.
 22. É obrigatoria a presenza dos xogadores premiados na cerimonia de clausura. No caso contrario a organización resérvase o dereito de doar a cantidade dos premios a unha ONG.
- A cerimonia de clausura será o domingo 10 de xullo ás 16:00.**



23. A participación no Torneo supón a aceptación destas bases A participación no Torneo supón a aceptación destas bases.
24. Os participantes no Torneo autorizan a publicación dos seus datos persoais nos diferentes medios de comunicación que a organización considere oportunos para a necesaria difusión do evento (listados de resultado, clasificacións, participantes, partidas, etc.)
25. A Organización resérvase o dereito de admisión.
26. A Organización resérvase o dereito a modificar as Bases do torneo sen outra obrigação que a de publicalas na páxina web oficial ou no taboleiro de anuncios do torneo.
27. O Director do torneo é Don Lino Hermida Araujo

O árbitro principal Don Francisco Javier Ogando González (Árbitro Internacional FIDE).



PREMIOS

1ª CATEGORÍA: XERAL

1º) 1200€ e trofeo

2º) 900€ e trofeo

3º) 600€ e trofeo

4º) 480€

5º) 360€

6º) 300€

7º) 240€

8º) 240€

9º) 180€

10º) 180€

11º) 120€

12º) 120€

13º) 120€

14º) 120€

15º) 120€

2ª CATEGORÍA: sub-2200

(Menos de 2200 ELO FIDE)

1º) 150€

2º) 90€

3º) 60€

3ª CATEGORÍA: sub-2000

(Menos de 2000 ELO FIDE)

1º) 150€

2º) 90€


3º) 60€

4ª CATEGORÍA: SUB 1800

(Menos de 1800 ELO FIDE)

1º) 150€

2º) 90€



3º) 60€

VETERANOS (NACIDOS NO ANO 1960 E ANTERIORES)

(Deberá indicar na inscrición para optar a este premio)

- 150€

PREMIO ESPECIAL PROVINCIAL (MELLOR CLASIFICADO OURENSANO)


(Poderá optar a este premio todo xogador de equipos ourensáns coa bandeira española)

- 150€

* Os premios non son acumulables, se o xogador optase a dous premios entregaríaselle o de maior cuantía, e de ser iguais o de categoría superior


* Os premios en metálico están suxeitos á lexislación vixente.

* Nos premios de tramos terase en conta o ELO FIDE



HORARIOS

<i>Presentación</i>	<i>1ª Ronda</i>	<i>2ª Ronda</i>	<i>3ª Ronda</i>	<i>4ª Ronda</i>
L – 16:30	L- 17:00	Ma – 10:00	Ma – 17:00	Mi – 17:00
<i>5ª Ronda</i>	<i>6ª Ronda</i>	<i>7ª Ronda</i>	<i>8ª Ronda</i>	<i>9ª Ronda</i>
J – 10:00	J- 17:00	V – 17:00	S – 17:00	D – 10:00



ALOXAMENTOS

Hotel	Estrellas	Precio X Noche	Web	Distancia al Torneo (aprox.)
Carris Cardenal Quevedo	4	65€	http://www.carrishoteles.com/	10 min andando
Altiana	2	35€	http://www.hotelaltiana.com/habitaciones/	45 min andando
Severino	--	--	http://www.hotelseverino.com/	5 min andando
Princess	4	46€	http://www.hotelprincess.net/	10 min andando
San Martín	4	52€	http://www.granhotelsanmartin.com/	10 min andando
Miño	1	39€	http://www.hmourense.com/	15 min andando
Lido	--	23€	http://www.actiweb.es/hostalido/	15 min andando
Zarampallo	--	35€	http://www.zarampallo.es/index.html	30 min andando